

Viaje al corazón del océano. **Antón Patiño**

Quince anos de investigación sobre Urbano Lugrís deron os seus froitos nesta obra, unha completa achega á vida e obra do pintor do océano, que Antón Patiño debulla a partir dunha ampla e variada documentación, entre a que figuran achádegos como o primeiro texto que publicou Lugrís: un poema en galego, *No mosteiro e na noite*, que apareceu no número 127 da revista Céltiga, de Bos Aires, no 1930. Patiño constrúe neste libro un relato que intercala a súa reflexión como pintor e como ensaísta da historia da arte coa crónica emocional dunha persoa que coñeceu a Lugrís a través do seu pai Antón Patiño Regueira. A vida e a personalidade do protagonista da obra son analizadas non só a partir dos habituais datos biográficos, senón tamén á luz de, desde anécdotas, ata entrevistas que concedeu en diversos medios de comunicación, ou da relación cos seus amigos. O libro repasa toda a creación artística de Lugrís, desde as pinturas e debuxos ata os deseños para libros e revistas e os seus textos literarios. Patiño ofrece unha interpretación propia sobre as claves estéticas deste creador, e relaciónnaas con outros autores que o inspiraron, como Julio Verne.

